

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 8 de novembro estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 8 de novembro ata as 14:00 horas do día 13 de novembro.
4. A Campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 25 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
6. As votacións realizaranse no Colexio o día **27 de novembro, de 16:30 a 18:00 horas** a votación dos pais e nais, e ás 11:30 horas a votación do profesorado e pas.
7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarse acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 8 de novembro de 2018

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo: Emma Quiroga Blanco